

DOCUMENTO POLÍTICO PARA A X ASEMBLEA DE ESQUERDA UNIDA-IU

ESTRUTURA DO DOCUMENTO

1. GALICIA NO CONTEXTO DA CRISE:

1.1. CONTEXTO ECONÓMICO E SOCIAL EN GALICIA. OS EFECTOS DA CRISE CAPITALISTA NA CLASE TRABALLADORA GALEGA E NOUTROS SECTORES SOCIAIS.

1.2. A CHEGADA DO PARTIDO POPULAR A GALICIA. BALANZO DA XESTIÓN DO BIPARTITO.

2. PARA CONTRUÍR O SOCIALISMO DO SÉCULO XXI

2.1. AFORTALAMENTO DO SECTOR PÚBLICO: SERVIZOS PÚBLICOS E SECTORES ECONÓMICOS ESTRATÉXICOS (AUGA, ENERXÍA, A BANCA, AS COMUNICACIÓNS) NO MARCO DO ESTADO ESPAÑOL, DE EUROPA E DO MUNDO DESDE O ENFOQUE INTERNACIONALISTA: SOLIDARIO, REPUBLICANO, EQUITATIVO E PARTICIPATIVO.

2.2. GALICIA NO MUNDO

2.2.1. TERRITORIO e MEDIO AMBIENTE

2.2.2. CULTURA, LINGUA e SOCIEDADE

2.2.3. ECONOMÍA e EMPREGO

2.2.4. AGRICULTURA, GANDERÍA, ALIMENTACIÓN

2.3. TRANSFORMAR DESDE OS MUNICIPIOS

3. POLA CONSOLIDACIÓN DUNHA ESQUERDA ALTERNATIVA E TRANSFORMADORA

BLOQUE 1

1. GALICIA NO CONTEXTO DA CRISE:

1.1. CONTEXTO ECONÓMICO E SOCIAL EN GALICIA. OS EFECTOS DA CRISE CAPITALISTA NA CLASE TRABALLADORA GALEGA E NOUTROS SECTORES SOCIAIS.

1.2. A CHEGADA DO PARTIDO POPULAR A GALICIA. BALANZO DA XESTIÓN DO BIPARTITO.

1. GALICIA NO CONTEXTO DA CRISE

Esta Asemblea realízase nun marco de convulsión estrutural provocada pola crise do capitalismo. Trátase dunha crise de alcance global. Unha crise que non é mais que a constatación de que o capitalismo é incapaz, debido á súa natureza depredadora, de satisfacer as necesidades básicas da maioría social. A crise actual non é tan só unha crise económica e financeira: absolutamente todos os eidos da vida en sociedade están tocados de forma drástica. Así, a desestruturación e a corrosión social, a sobreproducción, o hiperconsumo occidental, a insustentabilidade e incapacidade da terra para rexenarse, a perda de dereitos adquiridos, o desmantelamento dos servizos públicos, a desregulación dos mercados, a precariedade e inestabilidade laboral, a fenda entre países enriquecidos e empobrecidos, a instalación no imaxinario social dunha cidadanía de privilexios e excluinte, as (auto)ataduras a un sistema de financiación de bens que deberan ser sociais (vivenda primordialmente), etc, son aspectos que, por desgraza, foron normalizados como males menores do sistema capitalista.

Ante as inestimables probas que Esquerda Unida leva achegando desde hai anos, os gobernos do Estado e de Galicia fechaban os ollos e proclamaban que eramos catastrofistas e utópicos.

Pero resulta que, para solucionar as desfeitas provocadas pola propia cobiza dos axentes do capitalismo, os gobernos de turno, cando sempre proclamaron que non había diñeiro suficiente para consolidar servizos públicos ou para chegar ao 0,7% do PIB para axudar aos países empobrecidos a saír do pozo, empregan diñeiro público para entregalo sen ningún tipo de control a grandes empresarios e á banca. Fan certo o lema: “socialización das perdas, privatización dos beneficios”.

1 Falta moita valentía para ir ás raíces das causas. Absolutamente todos se quedan
2 na superficie para non poñer en entredito ao sistema capitalista. Porque, de
3 facelo, a constatación imporíase de forma meridiana: só cabe unha solución
4 sistémica a esta crise: o cambio de sistema. Só cabe socialismo.

6 **1.1. CONTEXTO ECONÓMICO E SOCIAL EN GALICIA. OS EFECTOS DA CRISE** 7 **CAPITALISTA NA CLASE TRABALLADORA GALEGA E NOUTROS SECTORES SOCIAIS.**

8 A crise víase vir desde hai tempo. Os nosos documentos políticos así o
9 denunciaron sempre. Tamén os diversos programas políticos cos que nos
10 presentamos ás últimas e constantes citas electorais.

12 Os seus efectos aínda son agochados baixo a manipulación dos números. Mentres
13 o rural era e é desmantelado, o mundo laboral en Galicia apenas se diversificaba
14 e facía un bo uso das enormes axudas económicas da Unión Europea.

16 A construción era o único sector ao que se lle daba pulo de forma totalmente
17 irresponsable xa que se fixo de forma descontrolada, corrupta, especuladora,
18 cunha alta taxa de sobreprodución e afastándose das necesidades da maioría da
19 poboación. Ao mesmo tempo, o descontrol e a sobreprodución someteron ao
20 contorno, ao medioambiente a unha presión desmesurada que nos leva á
21 situación de insustentabilidade actual. Existen milleiros de vivendas baleiras
22 mentres hai familias que non teñen un fogar digno e a mocidade vé imposible
23 poder emanciparse.

25 Este proceso construtivo uniuse a unha política de financiación atrapa-persoas,
26 ben aderezada por un discurso mediático alienante que fixo crer na Arcadia
27 permanente e que a “bicoca” se mantería para sempre.

29 Paradigma de desbaldimento de diñeiro público constitúeo a Cidade da Cultura,
30 onde aos case 500 millóns de euros xa gastados na súa construción haberá que ir
31 sumándolle cada ano uns 60-70 millóns de euros para que funcione. A escasa
32 visión política cegada ante a monumentalidade e a eventualidade.

1 Outros sectores viviron tamén na era da sobreproducción sen que se tivesen en
2 conta as súas repercusións sociais e medioambientais. Un deles o sector do
3 automóbil. Pouco importa que a individualización do transporte conleve un
4 aumento do deterioro do medioambiente (aumento de contaminación acústica, de
5 emisións de CO2, aumento de estradas e autoestradas,) e que os múltiples
6 desprazamentos da era da mobilidade e flexibilidade neoliberal sexan unha das
7 causas de máis mortes.

8
9 Vivendas e automóviles coñecen unha situación análoga xa que, no imaxinario
10 que o capitalismo inculcou, ambos, cando en propiedade, son os máximos
11 símbolos do “benestar” e da “calidade” de vida do que se deu en chamar
12 “economía da felicidade”. E ambos sectores son os que máis desemprego
13 acabarán por xerar.

14
15 Os ERE's realízanse practicamente sen ningún tipo de control. Empresas con
16 beneficios, amparándose no contexto crise, están presionando aos seus
17 traballadores e traballadoras para que acepten “rebaixas” no salario, nos dereitos
18 e aumentos da carha horaria. Os ERE's son o primeiro paso para a empresa
19 “soltar lastre” e que, cando remate, serán unha porta aberta para o desemprego e
20 con só unha indemnización de 20 días por ano traballado. A situación do metal na
21 provincia de Pontevedra é emblemática, pero vemos todos os días deste ano
22 2009 como os ERE's asulagan as vidas da clase traballadora galega. E é que esta
23 crise está socializando as perdas a cargo do corpo da clase traballadora.

24 25 O desemprego en Galicia

26 Non deixou de aumentar, por moito que se queira camuflar co respiro do mes de
27 maio –unha rebaixa de 3.144, mormente traballos estacionarios do sector
28 servizos (2.243) e, polo tanto, con data de caducidade-.

29 No mes de maio de 2009 son, xa que logo, e segundo os datos do INEM, 207.518
30 persoas as desempregadas en Galicia, un 15,58 % do total da poboación activa
31 (1.331.100). Tendo en conta que o aumento de emprego no mes de maio con
32 respecto a abril se deu no sector servizos, o sector primario (agricultura-pesca)
33 coñeceu un novo aumento (+206) co que se incrementa a tensión neste sector e
34 son lóxicas, ao igual que no metal de Vigo, as reivindicacións dun prezo regulado e

1 de renegociar un novo marco para o agro galego. O outro sector con incremento e
2 o de persoas sen emprego anterior (+573, para un total de 19.336, un 9,31%). Se
3 ollamos para a variación interanual, isto é, comparando co mes de maio de 2008
4 apreciaremos o grao da incidencia do desemprego neste 2009, xa que no mes de
5 maio de 2008 eran 156.779 persoas as desempregadas, e, polo tanto, as
6 207.518 deste maio de 2009 representan un aumento de 50.739 persoas e,
7 sendo o número de maio de 2009 o máis elevado desde o mes de maio de 2001.

8
9 No entanto, os datos varían segundo ollemos os do INEM ou os da EPA, moito
10 máis crúa coa realidade. Cada día do primeiro trimestre do 2009, 375 persoas
11 quedaban sen emprego.

12
13 As empresas filiais viven baixo a constante ameaza da deslocalización
14 empresarial que, perante a actual situación, e antes de que iso suceda, deriva
15 nunha aceptación de salarios á baixa e outra perda de dereitos. Algunhas análises
16 sinalan que os empresarios xa non necesitan deslocalizarse a novos paraísos
17 laborais posto que se pagan salarios cada vez máis baixos nos países do norte
18 enriquecido. Galicia, neste contexto, gaña a todos, xa que os salarios ao igual que
19 as pensións son dos máis baixos do Estado español.

20
21 Por colectivos sociais, o desemprego afecta máis a:

- 22 - persoas migrantes, non se coñece de forma fidedigna os seus datos, xa que
23 as que están en situación irregular administrativa, traballan na economía
24 mergullada, carentes de dereitos. Todo debido á carencia dunha
25 regularización ordinaria, figura ausente da Lei de Estranxeiría vixente,
26 pactada entre PP (no goberno no 2003) e PSOE (daquela na oposición).
- 27 - mulleres: 114.979 mulleres desempregadas (55,41%), fronte aos 92.539
28 homes (44,59%).
- 29 - Mocidade: 21.423 desempregados (10,32%)

30
31 A desprotección social

32 Os fogares galegos que están sen protección social de ningún tipo xa son 100.000
33 e se os datos se camuflan é porque existe unha economía mergullada cada vez
34 maior e, xa que logo, un traballo desregulado, sen protección e non garantista.

1
2 A conflitividade social: é negativa? É necesaria? Para voltar a qué? Para ir cara a
3 onde?

4 De primeiras, os conflitos non son negativos, xa que amosan que, se ben con
5 dificultades e certas atomizacións, a clase traballadora pode unirse para acadar
6 un fin social. Lembremos que está enriba da mesa o despido gratis, o gran desexo
7 da patronal e da clase neoliberal. As manifestacións e as folgas son os
8 instrumentos que posúe a clase traballadora para facer valer os seus dereitos e
9 non retroceder en conquistas acadadas en loitas non tan vellas.

10
11 Aínda non rematara o ano 2008 e Galicia era a segunda comunidade con máis
12 folgas debido ás demandas da clase traballadora confrontadas ás esixenzas da
13 patronal. Xa no ano 2007 un 88% dos traballadores que foran á folga eran de
14 Pontevedra. No ano 2009 isto non cambiou en nada. Incrementouse, pero a
15 conflitividade laboral foise estendendo aí onde a patronal recorre a un ERE
16 infundado.

17
18 No entanto, cómpre non perder de vista que a conflitividade social non pode
19 supoñer un retorno a un improbable capitalismo benefactor de corte keynesián.
20 Por iso, cabe preguntarse cara a onde queremos ir. Non é tan só reclamar o
21 mantemento do traballo. Esquerda Unida debe ser pedagóxica e introducir as
22 reformas precisas para que o mantemento dos postos de traballo non se faga a
23 costa de perda de dereitos sociais e laborais por unha banda, e pola outra que dito
24 mantemento non teña repercusións negativas sobre o incremento da produción.
25 Difícil de explicar sería que se incrementaran as unidades nas cintas de
26 automoción, cando sabemos que existe un stock de milleiros de unidades
27 pendentes de atopar un dono. Difícil porque o aumento de transporte individual
28 choca frontalmente co que necesitan as nosas cidades e o noso medioambiente.
29 Cómpre, como se define neste documento, un cambio no modelo produtivo e unha
30 filosofía de traballo racional, de reparto, eficiente e respectuosa co tempo libre
31 das persoas e as súas familias.

1.2. A CHEGADA DO PARTIDO POPULAR A GALICIA. BALANZO DA XESTIÓN DO BIPARTITO.

A viraxe cara o social-liberalismo provocou que a copia perdera ante o orixinal e que a dereita se reinstalara de novo na Xunta de Galicia. Non podemos deseñar unha valoración tendo en conta a necesaria distancia que achegaría un ano ou dous anos de goberno. En calquera caso, na distancia curta, moitos dos movementos desta dereita está convulsionando Galicia ao atacar os sinais de identidade dun pobo e seguir coa teima de politizar o escenario educativo.

A nosa historia recente parte da mala xestión política do bipartito. Afirmación categórica que se pode verificar a partir da análise do *Acordo sobre bases programáticas para a acción da Xunta de Galicia que asinan os grupos políticos PSdG-BNG*, o documento asinado para o goberno bipartito no Goberno galego. O Acordo consta de cinco eixos que se sinalan a continuación:

- *O emprego estable e a aposta por unha economía competitiva* son desmentidos cando transcorrida a lexislatura (incluídos dous acordos asinados cos sindicatos, polo emprego e pola competitividade) as taxas de temporalidade e de desemprego permanecen constantes en relación á lexislatura pasada: entre decembro de 2005, que registraba 178.676 parados e decembro de 2008, que anota 189.903 desempregados; ou dos 50.420 contratos asinados en decembro deste ano, só o 10,18% deles (5.131) foron indefinidos, o resto case o 90% temporais. No eido da sinistralidade se en 2005 houbo 102 mortes e 1.001 accidentes graves, en 2007 rexistráronse 75 mortes e 834 graves, para repuntar no primeiro semestre do 2008 segue a crecer a sinistralidade (case 26.000 accidentes con baixa). O propio modelo económico segue a relegarnos ao furgón de cola, con baixos salarios e produtos de baixo valor engadido, sen melloras para a clase traballadora nos anos en que Galicia creceu máis que a media estatal.
- *O incremento no chamado capital humano* esgótase nunca política continuista: no ensino e na universidade seguemos a arrostrar un déficit nas dotacións económicas e a falla de pulso político para escapar as hipotecas da concertada e da igrexa ou o do atraso nas consigancións para I+D+i.

- 1 - *A pretendida consolidación dun sistema de benestar avanzado* apenas
2 necesita máis que enfrontalo coa realidade dun Consorcio Galego do
3 Benestar que apenas agacha a súa deriva privatizadora encuberta, e as
4 peores mañas clientelares do BNG presionando aos concellos para a súa
5 adhesión ao mesmo.
- 6 - *A posta en valor do territorio con políticas de sustentabilidade* arroxa un
7 regueiro de críticas e mobilizacións nos eidos da protección dos espazos e
8 das insuficiencias na salvagarda e extensión da rede natura, as agresións da
9 minaría, as instalacións acuícolas, a falla de plan eólico, a situación das rías
10 galegas, as infraestruturas entendidas nunha clave desenvolvista...
- 11 - *A normalización da nosa lingua e a revalorización da nosa cultura e*
12 *patrimonio.* Non se desenvolveu unha concepción da cultura como
13 ferramenta crítica para a transformación social, entregada a unha
14 recreación na que pesa fundamentalmente unha lectura folclórica da
15 mesma. A normalización lingüística segue a fracasar porque é o galego a
16 lingua ameazada e que se lle nega os dereitos que recoñece o Estatuto, de
17 cooficialidade e lingua propia. Sobre o conxunto da xestión cultural
18 esténdese a sombra alongada do mausoleo do Gaiás e a súa privatización.

20 **REFORMA DA LEI ELECTORAL**

21 O bipartito non foi quen de acometer o desafío da necesaria rexeneración
22 democrática dun país eivado pola longa estadía no poder do aparello clientelar do
23 fraguismo. Os pasos que se deron, positivos, semellan ser a todas luces
24 insuficientes. No remate da lexislatura no noso país os sufraxios non valen igual
25 e o voto emigrante carece das necesarias garantías democráticas. Esquerda
26 Unida presentou unha proposta de reforma da lei electoral (reforma prometida
27 tamén no devandito Acordo de goberno) que foi desestimada con argucias legais
28 e unha total falla de vontade política pola Mesa do Parlamento e o silencio
29 cómplice dos grupos que habitan o Hórreo, que co seu laissez passer cohonestaron
30 a lei electoral imposta por Fraga.

31 Esquerda Unida defenderá unha reforma da lei electoral que de cabida no
32 Hórreo a pluralidade política e social da nosa nación. Contamos co texto da
33 proposta articulado para a súa presentación como Iniciativa lexislativa Popular –
34 inadmitida a trámite nesta lexislatura - e estamos certos que o Parlamento de

1 Galicia terá que recoller máis temprano que tarde a diversidade da nosa
2 sociedade.

3 O atraso político galego tamén ten un indicador fiable na redución - nos
4 anos de desenvolvemento do réximen autonómico - a só tres partidos, fronte á
5 moita máis rica pluralidade dos parlamentos eúsjaros e catalán.

6 O Parlamento Galego non gañou centralidade necesaria na vida pública do
7 país diante da non reforma da lei electoral e co mantemento das dificultades
8 para a constitución e funcionamento das comisións de investigación. Malia elo
9 temos que recoñecer que a actitude do bipartito saínte foi outra no canto de
10 comparecer na Cámara Parlamentar para a necesaria laboura fiscalizadora.

12 TRANSPARENCIA NO ÁMBITO PÚBLICO

13 Outro dos débitos do bipartito é a non elaboración dunha lei que garanta a
14 autonomía e o carácter de servizo público da CRTVG, para evitar a tentación do
15 uso partidista e gubernamental dos medios públicos. Neste mesmo senso non se
16 avanzou no bipartito na regulamentación transparente e obxectiva das axudas ás
17 empresas privadas de comunicación, ámbito especialmente sensible no tempo da
18 chamada sociedade da información. A aprobación da **lei 4/2006 de transparencia
19 e de boas prácticas na Administración pública galega**, non pode agochar os
20 incumprimentos neste eido.

21 Reformouse pola **lei 13/2007 e o Decreto Lexislativo 1/2008 o texto
22 refundido da lei da función pública de Galicia**, malia non conquistar a redución dos
23 postos de libre designación ou a creación dunha axencia pública de calidade e de
24 avaliación das políticas públicas. O escándalo chegou co plus retributivo para os
25 altos cargos.

26 O desiderátum de transparencia e eficiencia do gasto público levou a
27 aprobación da **lei 9/2007 de subvencións de Galicia**, mais non chegou para
28 aprobar unha norma que regule a publicidade institucional, indispensable para
29 conquistar un uso racional e austero dos recursos públicos.

31 PACTO LOCAL

32 Unha das grandes eivas do funcionamento dos poderes públicos é a febleza
33 financeira dos entes locais. Esquerda Unida, forza municipalista, sabe do valor
34 dos concellos como elementos de transformación social e espazos para a posta

1 en marcha das políticas de democracia participativa (outro dos baleiros cero do
2 bipartito) e consonte a elo pulará por superar as eivas e limitacións que lastran o
3 desenvolvemento duns concellos que hoxendía contan con competencias e
4 financiamento insuficientes.

5
6 Subliñar as insuficiencias do acordo subscrito entre a Xunta de Galicia e a
7 FEGAMP para o desenvolvemento do pacto local e a relevancia da súa corrección:
8 en particular o monto contemplado no Fondo Galego de Cooperación Local para o
9 período 06-09, de só 6 millóns anuais e o subfinanciamento das competencias
10 impropias (servizos que malia seren competencia exclusivamente autonómica
11 son prestados polos concellos), e a superación do límite recollido no devandito
12 Acordo no sentido de que o recoñecemento de competencias non poderá supor
13 incremento do gasto público.

14 Esquerda Unida saúda a medida acordada a fins do ano pasado que
15 supuxo a creación dun Fondo Estatal de Investimento Local cun importe de oito
16 mil millóns de euros. Dito esto, temos que lamentar a súa improvisación e a falla
17 de criterios que o orienten e lle presten unha meirande eficacia no emprego
18 destes recursos. Esquerda Unida avoga pola prórroga deste Fondo (non semella
19 verosímil que a esta crise vaiase esvaecer nun ano) e a fixación de criterios non
20 só poboacionais para o seu reparto, nomeadamente o da taxa de desemprego e o
21 do stock de capital neto acumulado en infraestruturas urbanas das corporacións
22 locais. Tales baremos aumentarían a xustiza e eficiencia do devandito Fondo.

23 Esquerda Unida lembra que ao remate desta lexislatura nada se avanzou
24 no tan debatido terreo da reorganización administrativa do territorio, mediante o
25 desenvolvemento das comarcas e a conformación das áreas metropolitanas. Polo
26 contrario, asistimos a un afortalamento do papel das deputacións, dabondo
27 tinguidas da vella pátina clientelar.

28
29 A xustiza galega segue a posuír unha falla crónica de recursos humanos e
30 materiais que lle permitan cumprir a súa función de servizo público esencial.
31 Neste senso hai que denunciar a atrofia da xustiza municipal, dos xuíces de paz,
32 un factor desaproveitado para gañara en rapidez e eficiencia. Non se conqueriu
33 que a sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia gañe a condición

1 de órgano do poder xudicial galego, así como hai que advertir a falla dun
2 programa que permita a galeguización deste servizo público fundamental.

3 A aprobación das **leis 4/2007 de coordinación de policía locais e 8/2007**
4 **de Policía de Galicia**, non deixaron de provocar notables problemas de adaptación
5 as mesmas no capítulo de persoal nos concellos e non achegaron os recursos
6 económicos necesarios para a súa axeitada implementación. Esquerda Unida ten
7 que demandar que a policía recollida na lei dista de ter o enfoque de corpo
8 integral, que desenvolve o conunto de funcións e competencias dos corpos
9 policiais existentes nas outras nacionalidades históricas.

10
11 Non deixa de abraiarnos o pronunciamento do conselleiro da Presidencia, que se
12 ben é certo sacou adiante a *lei 5/2007 de emerxencias de Galicia* non foi quen de
13 dotarmos dunha situación de respecto á legalidade no país. No caso da planta de
14 gas sita no interior da ría de Ferrol, aceptou un pseudo plan de emerxencia para a
15 planta de gas que dá como bos os 400 metros de separación entre planta e
16 poboación, cando a regulamentación europea do RAMINP esixe dous kilómetros.
17 O accidente do Prestige de se repetir colleríanos aínda hoxe adolecendo dun
18 porto de refuxio para esa continxencia e da dotación de medios xerais adecuados
19 para enfrentala.

20 21 **AUTOGOBERNO E ESTATUTO**

22 Un Parlamento reducido a tres partidos conduciu o país á grande
23 frustración política de non acadar un novo estatuto. Desinterese e partidismo
24 pesaron para botar abaixo a necesidade nacional de acadar un meirande
25 autogoberno e contar, xa que logo, cunha ferramenta mellorada para a actual
26 negociación sobre o financiamento.

27 Federalismo, solidariedade e afondamento no autogoberno caracterizan a
28 proposta estatutaria presentada por EU no Parlamento Galego. Non houbo por
29 parte dos tres grandes partidos o máis mínimo interese para acadar un acordo
30 nacional e un proceso de mobilizacións que como acontecera no arranque da
31 autonomía permitira a nosa nación xogar un papel protagonista. Entón como
32 agora, Esquerda Unida vai alimentar as fontes da pluralidade política e social e da
33 mobilización do noso pobo para conquistar un novo estatuto que forneza o noso
34 autogoberno, nunha clave federal e solidaria.

1
2 Neste mandato restan no debe do bipartito unha serie de competencias
3 non traspasadas: as de tráfico, seguridade ou a inspección de traballo.

4
5 No que atinxe a relación co Estado, Esquerda Unida defenderá que o noso
6 país participe nos espazos de cooperación e acordo multilaterais consontes coa
7 nosa tradición federalista, sabedores do erro conceptual e político que vai ínsito
8 nas propostas bilaterais e confederalistas.

9 10 **EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO**

11 No eido do emprego e o desenvolvemento económico a lexislatura péchase
12 coa destrución de emprego e a perda de cotizantes á seguridade social, de cuxa
13 caixa única somos firmes defensores. Nada se arranxou no que afecta as taxas
14 de precariedade (31% da poboación activa a pesares dos milleiros de millóns de
15 euros entregados en bonificacións, deducións e exencións ao empresariado) e
16 cunha sinistralidade laboral sen atallar, froito desa maldición neoliberal que é a
17 precariedade. Os acordos polo emprego e a competitividade só serviron para
18 entregar recursos públicos o empresariado en troques dun catálogo de boas
19 intencións.

20 Os corolarios son baixos salarios, maiores taxas de explotación, polígonos
21 industriais clandestinos, economía mergullada (os técnicos da axencia tributaria
22 cifran en 10.700 millóns de euros o que se move en negro, en particular nos
23 ámbitos da comparavenda de inmobres e nos alugueres. O bipartito tampouco
24 elaborou unha lei que facilite a conciliación da vida laboral e familiar.

25 A política agrogandeira deixou como cadavres imposibles a creación do
26 grupo lácteo galego, e en xeral a falla de recursos da administración pública para
27 xerar un marco favorable para os gandeiros e labregos do noso país, asfixiados
28 pola PAC comunitaria obediente ás imposicións dos grandes grupos
29 agroindustrias europeos (v.gr. cotas ou prezos do leite). Renuncias que contribúen
30 ao desartellamento do noso territorio e non supoñen avances no eido da
31 soberanía alimentaria.

32 A recente aprobación da *lei 11/2008 de 3 de decembro de Pesca* non
33 significou avances reais no ámbito dunha máis xusta e ampla regulamentación
34 laboral do sector, que poña o acento na protección social e o relevo xeneracional (

1 recentes están os casos denunciados de mariñeiros indonesios enrolados até por
2 300 euros mensuais). A protección e pulo da riqueza das nosas rías choca co
3 desleixo existente na protección das mesmas (o arco atlántico vai da de Vigo sen
4 depuradora a de Ferrol coa planta de gas).

5 **EDUCACIÓN E CULTURA**

6 O continuísmo preside o que atinxe a educación e lingua. Non se
7 incrementaron os recursos económicos na porcentaxe do PIB galego e xa que logo
8 falla profesorado, non se rebaixan as rateos e non se aborda un plan ambicioso
9 que corrixa o fracaso escolar (fracaso da sociedade para formar o seu futuro). A
10 continuidade preside a aceptación da vampirización do sistema educativo galego
11 pola concertada, maioritaria xa nas cidades. O desmantelamento DAS unitarias e
12 a non vertebración do espazo rural cun plano de equipamento que as faga
13 atractivas para a poboación. O incumprimento do decreto de normalización
14 lingüística (124/207 que regula o uso e promoción do galego) expresa outras das
15 liñas de continuidade. Ou o recente decreto do bacharelato onde para salvar a
16 relixión, que segue dentro da escola e no medio do horario lectivo, sacrifícanse
17 outras asignaturas merecentes deste nome para deixar sitio a unha catequese
18 encoberta.

19
20 O sistema universitario galego non chega a selo en realidade e no marco
21 de Boloña – que a nosa organización rexeita – segue a padecer un financiamento
22 insuficiente (0,8% do PIB cando o Consello Económico e Social esixía alomenos o
23 1%) e un acentuado localismo, que lastra as potencialidades do mesmo.

24 A xestión cultural padece o lastre da herdanza, cargada dun extraordinario
25 simbolismo, do Gaiás, mausoleo na procura de ideas e identidade.

26 27 **BENESTAR**

28 Continuismo e mercantilización despuntan como sinais de identidade neste
29 apartado. Continuismo que caracteriza o eido sanitario. Desaparecen unhas
30 fundacións (MEDTEC) e xurden outras (Galaria) nun perpetuo tecer e destecer
31 que pon en perigo un dereito e servizo público fundamental. Escurantismo e
32 ineficacia tinguen a xestión das listas de espera.

33 A aplicación da lei da Dependencia está a dar a razón a EU cando dixo que sen
34 financiamento público estaba condenada a xerar decepción. *A lei 13/2008 de*

1 **servizos sociais de Galicia** é obsecuente co panorama de falla de compromiso
2 público para construír un cuarto pilar do estado social verdadeiramente público,
3 universal e gratuíto. Esta lei recolle en pé de igualdade o conxunto de servizos,
4 programas e prestacións sexan de titularidade pública ou privada, outorgando
5 carta de natureza ás entidades privadas e mercantís para facer negocio. No
6 sentido expresado se recolle a figura da Axencia Galega de Servizos Sociais. Hai
7 que sembrar a esixencia de Vicepresidencia – raiana na imposición – aos
8 concellos par a súa adscrición ao Consorcio Galego. Lonxe e moi por diante
9 quedará, valga o exemplo, a lei de sanidade do ano 86. O certo é que non se
10 cumpre o compromiso desta lexislatura de garantir a atención a todas as persoas
11 con dependencia grave e o 60% con moderada.

12
13 A pobreza e a exclusión social afectan o 20% dos fogares galegos e falla un
14 planeamento que derrote e erradique esta plaga froito das políticas neoliberais e
15 do capitalismo. Nada se fixo no que se refire a reforma da RISGA.

16 No ámbito das migracións, subliñar que o plan galego – aprobado cun notable
17 número de achegas de Esquerda Unida, feitas súas polos movementos asociativos
18 de migrantes-, dorme un sono inxusto, sen aplicación algunha. Hai oportunismo
19 onde habería que desenvolver políticas públicas de integración e a prol da
20 interculturalidade. Desatención e falla de dereitos para unha poboación que vive
21 e traballa e paga os impostos xunto con nós, e que suma no padrón por riba dos
22 95.000 persoas, a cuarta cidade galega por poboación.

23 24 **TERRITORIO E SUSTENTABILIDADE**

25 A xestión do bipartito ben merece un rotundo suspenso neste epígrafe. O
26 Goberno saínte fixo e practicou unha lectura desenvolvista do uso do noso
27 territorio, empregando un binomio perverso que asocia consumo do territorio con
28 crecemento económico, asociación ineficiente e ineficaz asemade de
29 insustentable.

30 A nómina das desfeitas acometidas polo bipartito tenno confrontado coa
31 farcción máis crítica e lúcida da sociedade galega, sabedora dos límites do
32 crecemento e do vencello profundo que se tece entre a sustentabilidade e un
33 modelo social integrador e solidario. Sen ánimo de exhaustividade: na salvagarda
34 e extensión da rede natura, as agresións da minaría, as instalacións acuícolas, a

1 falla dun plan eólico que netregue coherencia, sustentabilidade e participación á
2 sociedade galega, reducíndoo todo á poxa do concurso; a situación de
3 degradación das rías galegas, de Vigo a Ferrol ; o desenvolvemento dun
4 planeamento viario de estradas – pensadas para o emprego ilimitado do
5 transporte privado -, como é o caso do plan viario integral; o abandono da
6 modernización dos camiños de ferro convencionais e dunha rede de cercanías
7 sacrificada no ara do ave dos prazos adiados; a dubidosa racionalidade de
8 continuar dous portos exteriores no ámbito ártabro; a planta de gas no interior da
9 ría de Ferrol; a teimuda aposta polos polígonos industriais se necesiten ou non,
10 cando os propios datos oficias recoñecen que están un 40% baleiros, etc.

11 Esquerda Unida ten que denunciar o regueiro de feridas provocadas ao
12 noso patrimonio natural e paisaxístico: o Parque de Tecnoloxía Alimentaria mais
13 grande de Galicia (308.000 metros cadrados) vai ser instalado na zona do Corgo
14 do Cabo Corrubedo, excluído para ese fin do LIC Complexo Húmido de Corrubedo
15 (Natura 2000). O futuro macroparque de tratamento de refugallos do sur galego(
16 mal chamado parque medioambiental de Carballeda de Avia). Esta ubicado entre
17 Ribadavia (a menos de 2 Km) e Carballeda de Avia , o pe da A-52 e o regato de
18 maquias. A realidade de ENCE, que desmentindo o compromiso de Goberno
19 mantense en Pontevedra e apunta ao horizonte do ano 2018. A especulación dos
20 plans xerais de Vigo e Lugo – pasando por urbanizacións como as de Miño -
21 duplicando os parques de vivenda actuais, cando a realidade demográfica galega
22 sumou un incremento de 10.000 habitantes neste último decenio. A ampliación
23 do peirao de Rodas nas Cíes, illas que conforman o Parque das Illas Atlánticas.
24 As canteiras que inzan o Caurel como a da Campa, legalizada en 2007 tras vinte
25 anos funcioanando sen permiso e cunha orde de paralización vixente dende 2002
26 (máis outras 26 concesións mineiras que ameazan un hábitat privilegiado da
27 Rede Natura, espazo cunha das máis vasta biodiversidade en Europa). Ou a
28 ocupacion de terreos da lagoa de Budiño polo poligono industrial en Cerquito,
29 perto do Porriño.

31 As Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia cabe caracterizalas
32 como un exercicio modelo de cementación e destrución irreversible do territorio
33 galego, que no ámbito litoral concíbe o noso país como unha sorte de cidade
34 única que enlaza dúas metrópoles ao norte e o sur: a Ártabra que percorre da ría

da Coruña até a ría de Cedeira e a metrópoli das rías Baixas que vencella as rías de Vigo e Pontevedra e parte de Arousa.

Directrices que aceptan que se triplique o número de vivendas en 12 anos cando as previsións demográficas non autorizan semellante exercicio especulador coa vivenda, concebida como mero valor de cambio.

Non garanten a protección dos primeiros cincocentos metros do litoral – medida concebida no seu día como transitoria – nin dos espazos protexidos. Semella imposible non atopar unha contunidade, case unha filiación directa entre o borrador de directrices que tiña o PP e estas que veñen de seren aprobadas no último intre da lexislatura. Compsten a determinación de facer do espazo unha mercaduría sometida a lei do mercado e a redución do valor do territorio a espazo para construír e como ámbito propicio para o negocio turístico.

Un último apunte en relación co Plan Sectorial de Vivenda, elemento fundamental nun enfoque que se queira social e de esquerdas.

A realidade é que entre o ano 1991 e o ano 2007 incrementouse o parque de vivendas en Galicia nun 35% (case 20.000 vivendas anuais nos nos 90 e o dobre no primeiro decenio deste século), contra un crecemento demográfico do 1,76%, desproporción evidente, que ten provocado nun contexto de liberalización e desrregulamentación do solo un enorme conxunto de vivenda baleira. Circunstancia que o Plan Sectorial elude e que distorsiona certamente o dereito das galegas e galegos de acceder a unha vivenda segundo recolle a Constitución. O Plan sobreestima a demanda de vivenda para o vindeiro decenio.

O Plan descansa e confía na iniciativa privada para darlle saída a este desaxuste. En resumo vai en contra dos parámetros de sustentabilidade ao propiciar nova urbanización de solo na súa meirande parte periférico, extensión do tamaño dos núcleos de poboamento, elevación do custo de mantemento das infraestruturas de comunicacións, aumento da mobilidade e deixando en segundo plano o valor en custes económicos e de sustentabilidade da rehabilitación. Asemade fíxose de costas, sen diálogo previo, aos concellos.

1
2 Esquerda Unida plantexa deixalo sen efecto e reformular o estudo e
3 previsións acollendo nas estimacións o envellecemento da poboación, a vindeira
4 xeración en emanciparse máis reducida que a súa previa e máis o stock de
5 vivenda baleira. Do antedito desprenderíase a nosa aposta : emprego do
6 patrimonio público de solo para promover vivenda protexida; aplicación de
7 medidas conducentes a pór en aluguer a vivenda baleira; e o fomento da
8 rehabilitación e renovación urbana.

9
10 A política de transporte público é, sinxelamente, unha ofrenda á inutilidade
11 e á mala xestión. Seguen os soños de AVES que usan inxentes recursos
12 enerxéticos e teñen un impacto medioambiental negativo que repercute, e moito,
13 nos usos da terra, escachando recursos hídricos e desartellando o territorio.
14 Desmóntanse as vías de cercanías cando se debera priorizar a interconectividade
15 e seu uso. O ferrocarril segue padecendo o esquecemento do Estado e a desgana
16 da Xunta. O rural coñece un auténtico abandono comunicacional. Certo é que algo
17 mellorou o uso do bus en tempos de ocio coa aplicación do “noitebus” ou
18 “mouchobus”, pero, en liñas xerais a mobilidade e o uso do transporte colectivo
19 para desprazar á clase traballadora está lonxe de acadar uns niveis satisfactorios
20 en frecuencias, liñas, interconectividade de transportes, uso do billete único,
21 adaptabilidade a persoas con discapacidade, etc. Non existe unha planificación
22 unitaria. Só o uso do transporte público colectivo permitirá acadar a necesaria
23 redución da contaminación medioambiental provocada polo uso individual do
24 auto e facer así máis saudables os centros nerviosos das cidades e vilas galegas.
25 Esquerda Unida constitúese como a alternativa de esquerda ás políticas de
26 continuidade (privatizacións e insustentabilidade) do bipartito da resignación.

27 28 **MEMORIA**

29 A memoria constrúe a esencia do ser dunha sociedade, dunha nación. Non se
30 pode construír a democracia, a verdadeira democracia, permitindo que o silencio
31 se apodere da memoria das persoas represaliadas polo franquismo. Que a
32 sociedade o faga xa é negativo, pero que un Parlamento, coma o de Galicia, non
33 dea o paso adiante de recoñecer as vítimas do franquismo e de proceder á
34 inmediata indemnización é, simplemente, unha ofensa á nosa memoria, a dos

1 republicanos e republicanas que tanto entregamos do nós para que hoxe exista un
2 sistema democrático, sequera imperfecto, en Galicia. Ante este silencio non caben
3 equidistancias perigosas: non saberían dar xustiza á dor que deixa unha historia
4 que non nos recoñece, unha historia escrita desde o lado dos vencedores sobre o
5 corpo dos vencidos. Esquerda Unida é froito desa memoria. É nosa a obriga, xa
6 que logo, de torcer as liñas da historia e reescribila para que a memoria conserve
7 intacta a verdade da democracia neste país.

8
9 ++++++++

10 11 **BLOQUE 2**

12 **2. PARA CONTRUÍR O SOCIALISMO DO SÉCULO XXI**

13
14 **2.1. AFORTALAMENTO DO SECTOR PÚBLICO: SERVIZOS PÚBLICOS E SECTORES**
15 **ECONÓMICOS ESTRATÉXICOS (AUGA, ENERXÍA, A BANCA, AS COMUNICACIÓNS)**
16 **NO MARCO DO ESTADO ESPAÑOL, DE EUROPA E DO MUNDO DESDE O ENFOQUE**
17 **INTERNACIONALISTA: SOLIDARIO, REPUBLICANO, EQUITATIVO E PARTICIPATIVO.**

18 19 **2.2. GALICIA NO MUNDO. POLO DECRECEMENTO SUSTENTABLE**

20 **2.1.1. TERRITORIO e MEDIO AMBIENTE**

21 **2.1.2. CULTURA, LINGUA e SOCIEDADE**

22 **2.1.3. ECONOMÍA e EMPREGO**

23 **2.1.4. AGRICULTURA, GANDERÍA, ALIMENTACIÓN**

24 25 **2.3. TRANSFORMAR DESDE OS MUNICIPIOS:**

26 27 **2. PARA CONTRUÍR O SOCIALISMO DO SÉCULO XXI**

28 Para Esquerda Unida non é posible –nin desexable– “refundar o capitalismo”.
29 Cómpre un novo modelo de economía e unha nova forma de producir, de
30 relacionarse e de estar no mundo. En poucas palabras: cómpre socialismo.

31
32 O aforro enerxético, o decrecemento sustentable, a austeridade, a convivencia
33 entre o consumo humano e o poder de recuperación dos recursos da terra, un
34 emprego estable e con dereitos, a verdadeira conciliación entre proxecto persoal e
35 familiar e proxecto sociolaboral, ou a igualdade entre mulleres e homes, só poden
36 acontecer nunha sociedade non capitalista, onde as relacións non estean
37 encadeadas á xerarquía que establece o mercado.

1 Certo que cómpre dar conta das urxencias: dar cobertura a todas as persoas que
2 hoxe viven na precariedade, na inestabilidade e na desocupación. Pero deben ser
3 medidas sempre encamiñadas a construír socialismo ao mesmo tempo que
4 debilitamos as liñas mestras do capitalismo.

5
6 De forma paradoxal verémonos na obriga de explicar e formar a quen hoxe recela
7 das nosas iniciativas. Dicimos paradoxal porque estas explicacións irán, en moitos
8 dos casos, destinadas aos obreiros e obreiras do sector industrial e empresarial
9 galego. E aquí, nesta tarefa, non seremos quen de ter incidencia real na
10 introdución das medidas que buscan a transformación social e económica, se non
11 nos asociamos na loita con quen defenda, ao igual que nós, un ideario
12 anticapitalista. Non podemos servir de apagalumes transitorios e de remedadores
13 do sistema capitalista, senón seremos os artífices verdadeiros do refraneiro: “pan
14 para hoxe, fame para mañá”.

15
16 Debemos ser claros na divulgación da nosa tese e coherentes na nosa praxe. De
17 non ser así, non teríamos ningunha credibilidade para afrontar a crise capitalista e
18 achegar medidas alternativas e transformadoras.

19
20 **2.1. AFORTALAMENTO DO SECTOR PÚBLICO: SERVIZOS PÚBLICOS E SECTORES**
21 **ECONÓMICOS ESTRATÉXICOS (AUGA, ENERXÍA, A BANCA, AS**
22 **COMUNICACIÓNS) NO MARCO DO ESTADO ESPAÑOL, DE EUROPA E DO**
23 **MUNDO DESDE O ENFOQUE INTERNACIONALISTA: SOLIDARIO,**
24 **REPUBLICANO, EQUITATIVO E PARTICIPATIVO.**

25
26 É prioritario para Esquerda Unida controlar a economía de forma democrática e
27 participativa. Ao mesmo tempo, recuperar a centralidade dos servizos públicos
28 para afortalalos no seu fin: servir de piar das persoas. Para iso, cómpre unha
29 mentalidade de servizo público distinta á actual, onde a “funcionarización” está
30 acarexando “vicios” que desvirtúan o público. Podemos exemplificar co problema
31 da compatibilidade laboral entre sector público e sector privado. Quen exerza no
32 público e xa dispoña dunha boa remuneración non pode ou non debera poder
33 traballar no mesmo sector no sector privado. Amais de desvirtuar o público,
34 desvirtúa o mercado laboral real. Os servizos públicos deben ser eficaces,

1 eficientes, de calidade, con recursos materiais e persoas, e cumprir coa
2 accesibilidade social.

3
4 Tendo en conta que o capitalismo e os seus axentes queren a privatización de
5 todo o público –de aí o Tratado de Lisboa, a liberalización de servizos auspiciada
6 pola OMC e a Comisión Europea, o Espazo de Convergencia de Educación Superior,
7 etc.-, é prioritario impedir os ataques ao sector público. Facer dos servizos públicos
8 o “patrimonio” das clases traballadoras e menos favorecidas debe ser unha obriga
9 para Esquerda Unida, xa que, ao facelo, contribuímos a introducir unha reforma
10 contraria ao ideario capitalista. Contribuímos a ir creando socialismo no propio
11 bandullo do sistema capitalista.

12
13 De aí que a nosa axenda priorice a consolidación da sanidade, da educación e dos
14 servizos sociais como dereitos universais e sempre prestados de forma directa e
15 con persoal público. Pero non é tan só isto. Os nosos actos políticos deberán ir
16 encamiñados cara a que o Estado asuma a renacionalización dos sectores
17 económicos de interese estratéxico (banca; enerxía; transporte; construción) e a
18 remunicipalización dos servizos públicos hoxe entregados a empresas privadas
19 (servizo de auga; servizo de recollida de lixo; servizo de mantemento; etc).
20 Debemos recuperar a titularidade e a xestión desde o público dos servizos
21 públicos básicos hoxe privatizados ou externalizados. Trátase de converter en
22 pública a columna vertebral da economía para poder sometela a un control
23 democrático por parte das administracións públicas, da clase traballadora e das
24 persoas usuarias.

25
26 Pero, ao igual que manifestamos que é imposible que Esquerda Unida camiñe soa
27 na creación das medidas alternativas e transformadoras no noso país, igualmente
28 é impensable un socialismo illado. Vivimos interconectados e debemos aproveitar
29 este feito para espallar tese e praxe socialista e beneficiarnos mutuamente da
30 aprendizaxe social emanada das nosas relacións cos outros pobos. A era do
31 neocolonialismo actual debe rematar xa. Cómpre internacionalismo e
32 solidariedade dentro do respecto mútuo polas diferenzas entre os pobos. A
33 cooperación entre os pobos entendida desde unha óptica non competitiva e si
34 relacional.

Os recentes resultados das Eleccións Europeas 2009 reflicten a consolidación das forzas capitalistas, desde a dereita ata a socialdemócrata, e a irrupción das organizacións de extrema dereita, antiislámicas, xenófobas, homófobas e cuxa presenza debera facer reflexionar, e moito, cara a onde camiña a Unión Europea. Ao mesmo tempo, estas Eleccións Europeas deixan ver a debilidade real da Esquerda Transformadora e Anticapitalista, incapaz de superar o magma de siglas que, en aparencia, semellan participar dunha mesma idea. E a carón disto, máis dun 50% da sociedade europea decide non participar nas urnas. Erro de todas as forzas políticas ou non, o certo é que esta abstención pode amosar que rexeita a construción de Europa e a súa institucionalización, tal como se está levando a cabo.

- **A RECUPERACIÓN DO BEN PÚBLICO**

Será imposible elevar o gasto social ata acadar parámetros axeitados para o benestar social se antes non aplicamos unha política fiscal correctora das desigualdades sociais. Ante a tendencia actual de premiar a quen máis ten, cómpre actuar para redistribuir a riqueza e fiscalizar de forma proporcional e progresiva. As rendas máis elevadas deben contribuir ao ben público. Desde logo Esquerda Unida está en contra da eliminación do Imposto sobre o Patrimonio.

A coherencia política conleva que se deban reducir de forma gradual, ata a súa plena eliminación, os concertos con empresas privadas. A administración pública xerará os medios públicos de forma igualmente progresiva para dar conta das necesidades reais da poboación.

O ensino ao longo de toda súa formulación obrigatoria e postobrigatoria (FP e EA), desde os 0 anos ata que se entra na Universidade, debe ser público, de calidade e gratuito.

Fronte as mentiras que sentou o capitalismo sobre a ineficacia e ineficiencia das empresas públicas, hai sobradas probas documentadas do contrario. Por iso, deben crearse empresas municipais de servizos sociais e servizos en xeral,

1 coa debida dotación en todo tipo de recursos. Para que se dea sen
2 discriminación, debe asentarse este proceso nunha financiación axeitada e na
3 participación da Xunta de Galicia e dos Concellos e mediante unha
4 racionalización dos recursos que achegan o goberno central e a UE.

5 En ligazón co anterior, crearanse empresas públicas dependentes da Xunta de
6 Galicia para a construción de vivendas e rehabilitación, coa participación dos
7 Concellos. As vivendas de protección pública outorgaranse unicamente en
8 réxime de aluguer. Aplicaranse os mecanismos necesarios para erradicar o
9 problema das vivendas baleiras en Galicia.

10
11 Os procesos de urbanización sempre serán desenvolvidos directamente polas
12 administracións municipais, con participación democrática das asembleas
13 vecñais e sociais. O solo público destinarase a ben público unicamente:
14 vivendas protexidas e dotacións. Cumprir coas necesidades sociais e a
15 adecuación respectuosa co medio ambiente serán premisas esenciais.

16 17 • A CREACIÓN DUN SECTOR PÚBLICO ECONÓMICO

18 O proceso de creación do socialismo do século XXI pasa por recuperar o control
19 da economía desde o público. Pero un control que fuxa do mero
20 enquistamento institucional para dar voz e voto á sociedade civil. Así, a Xunta
21 de Galicia, os Concellos, os Axentes Sociais e a cidadanía converteranse en
22 garantes de que as Caixas de Aforro se transformen nunha Banca Social, que
23 renuncie á especulación e que invista o 75% dos seus beneficios en
24 investimentos sociais.

25
26 A nacionalización das principais empresas privadas de Telecomunicacións,
27 Enerxía, Transportes, Abastecemento de Auga que actúen no noso país
28 unificaríanse nunha única entidade pública en cada sector no ámbito de país,
29 comarca ou municipio, segundo os seus trazos, e a súa xestión estaría en
30 mans dunha comisión con representantes da administración, dos seus
31 traballadores e dos usuarios.

32
33 As liñas xerais do plano económico galego, con carácter quinquenal, serían
34 elaboradas pola Consellaría correspondente, coa colaboración do Ministerio

encargado da planificación económica, e sometidas ao debate e aprobación do Parlamento Galego. Para non distanciarse dos obxectivos desexados, para que o control democrático sexa pertinente en todos os niveis, a execución deste plano debe descentralizarse. De forma anual, o Parlamento de Galicia revisará a súa execución, logo da aprobación anual dos Orzamentos Xerais.

Será necesaria a creación dunha Rede Publica de servizos de distribución de mercadorías, mediante consorcios entre a administración da Xunta de Galicia e os Concellos para evitar a especulación, garantir un pago xusto a pequenos produtores e fomentar un consumo racional, sustentable e xusto.

2.2. GALICIA NO MUNDO. POLO DECRECIMENTO SUSTENTABLE

ESQUERDA UNIDA reafirma o seu compromiso co programa co que nos presentamos nas derradeiras Eleccións Autonómicas. Un programa anticapitalista, socialista, republicano e laico.

O destino de calquera capital é crecer: no circuito da produción de mercadorías faino apoderándose do traballo vivo; no da circulación, mediante a desigualdade nos intercambios. Esta medrando traballo morto, que se acumula en forma de capital, de mercadorías. E non se trata só de traballo humano: é tamén traballo da natureza, fornecido en forma de enerxía e de materias primas.

Pero existe un límite para ese crecemento continuo. Nalgún momento os elementos non renovables dispoñibles esgotaranse para sempre. Pero tamén os renovables esgótanse porque non poden seguir o desenfreado ritmo de produción crecente. A natureza está sendo sometido a unha degradación sen limites. Por iso, o revolucionario hoxe é proclamar a necesidade de instaurar un decrecemento sostible. Revolucionario porque vai contra a liña de flotación do capitalismo.

As sociedades que deben decrecer, loxicamente, non son as que viven na soleira da pobreza, senón as dos países do norte enriquecido, que son as que máis uso fan dos recursos: unha cuarta parte do consumo mundial de enerxía corresponde a Estados Unidos, que só conta co 5% da poboación do planeta; os habitantes do Norte enriquecido –a quinta parte da poboación mundial- consomen 9 veces máis

1 enerxía que os do Sur empobrecido. En Galicia, segundo o Instituto Enerxético de
2 Galicia 2006, o último elaborado até o de agora, só o 13,1 % da enerxía primaria
3 total foi de orixe renovable (hidráulica, eólica, solar, biomasa...), quedando
4 manifesto que a porcentaxe restante faise con combustibles fósiles (petróleo,
5 carbón, gas natural).. Tal como recollen organización ecolóxicas como Verdegaiá,
6 o noso consumo de enerxía final medra moito. No período 2001-2006 aumentou
7 un 12,3%. O incremento no uso de electricidade foi do 35,1 % e o de produtos
8 derivados do petróleo do 24,8%.

9
10 Esquerda Unida ten moi claro que debemos defender o decreemento e un novo
11 sistema de produción, así como unha nova filosofía do traballo. A produción de
12 bens e servizos non pode deixarse ao arbitrio das necesidades de salvación do
13 capital a través dos mecanismos do mercado. A produción irá encamiñada de
14 forma directa á satisfacción das verdadeiras necesidades básicas: alimentación,
15 saúde, vivenda, educación.

16
17 Trátase, en definitiva, de planificar de forma democrática. E comezarse por
18 reducir o consumo de enerxía. No transporte, en primeiro termo, pero tamén na
19 construción, na industria e na agricultura.

20 21 **2.2.1. TERRITORIO e MEDIO AMBIENTE**

22 O territorio galego viviu unha vaga especuladora e depredadora sen fin, visible en
23 case todos os recunchos de Galicia, pero esmagadora no litoral costeiro galego,
24 onde se produciron verdadeiros atropelos urbanísticos e medioambientais.

25
26 A planificación das infraestruturas faise desde uns parámetros desenvolventistas
27 e de crecemento afíns ao discurso capitalista. A comunicabilidade e o
28 artellamento social do territorio galego faise mediante ao recurso á creación de
29 máis estradas e autoestradas. Esta estratexia renunciou a facer emprego dos
30 medios de comunicación máis eficaces desde os puntos de vista ecolóxico e
31 social. O ferrocarril de cercanías é unha quimera no noso país que, por riba, ve
32 como se desmantelan as vías para facilitar a chegada do AVE, un tren que
33 desbalde recursos de todo tipo.

Galicia vive en dúas marchas: o rural interior fronte ao urbán costeiro. Desmanteláronse as vías de subsistencia do rural facilitando a emigración cara as cidades e cara a costa. As estratexias de dotación de infraestruturas e de creación de emprego por parte do goberno da Xunta de Galicia contribuíron a ese desmantelamento. Do mesmo xeito, a trazabilidade do eixo Coruña-Vigo contribúe a segmentar Galicia en dúas metades verticais, quedando o eixo norte de Galicia (Lugo)- sur de Galicia (Ourense), de novo en situación de afastamento infraestrutural e estrutural.

A planificación das infraestruturas, con esa nefasta proliferación de estradas e autoestradas, fomentando o transporte individual, ligan perfectamente coa filosofía do capitalismo: afán desenvolventista e crecemento constante.

Por iso debemos demorar a construción de novas autovías e autoestradas, salvo situacións de necesidade moi concreta. Modernizar toda a rede ferroviaria galega, estendéndoa fronte á política de cancelación actual. Aplicar medidas claras de fomento do transporte colectivo e disuadir do uso do transporte individual. Favorecer a interconectividade incluíndo a bicicleta como medio de transporte. Beneficio común fronte a beneficio individual.

Esquerda Unida traballará para desenvolver unha política de aforro e reutilización de recursos orientada a minimizar e a reciclar os residuos desde a proximidade e sen incinerar. Rexeitamos a incineración de residuos polos seus efectos negativos para a saúde e para o propio obxectivo de redución dos mesmos. Para Esquerda Unida das tres R's (redución, reciclaxe, reutilización) a máis importante sen dúbida, loxicamente sen desatender as outras dúas, é a de reducir a cantidade de residuos.

2.2.2. CULTURA, LINGUA e SOCIEDADE

A sociedade que perseguimos está lonxe do que vivimos na actualidade, onde o individualismo e o hiperconsumismo hipnotizaron –grazas aos medios de propaganda do sistema capitalista- e alienaron ás clases traballadoras. A finalidade era inocular nestas clases que era posible vivir coma ricos cun salario rácano, inestable e sometido á presión patronal. Unha vez se entraba na roda do

1 consumo era difícil saír dela a non ser co choque que provoca a ausencia dese
2 salario, tal como acontece hoxe coa denominada crise do sistema capitalista.

3
4 Aínda non se acadou a igualdade efectiva entre homes e mulleres. Aínda morren
5 mulleres en mans das súas parellas. Aínda hai mulleres que viven no temor
6 permanente. Aínda hai mulleres explotadas sexualmente. Aínda non se educou á
7 sociedade. É preciso rachar coas cadeas do patriarcado. Aínda padecemos no
8 noso país a constante intromisión da Igrexa e do seu discurso machista. Pero non
9 nos enganemos, nada poderá ser se antes non esnaquizamos as cadeas do
10 capitalismo. Co capitalismo é imposible a igualdade real entre as persoas, xa que
11 a variable de explotación de xénero é consubstancial á orde social capitalista.

12
13 As persoas inmigrantes viven hoxe co medo. Un medo que non é froito dun estado
14 ditatorial coma o de Hitler ou o de Franco, senón que provén dun aparello
15 lexislativo que emana dunha democracia que caeu no mero representativo e que
16 se afastou da base, das persoas para vivir atrapado nunha burbulla institucional.
17 Dito aparello promulga leis represivas e que alentan a violación dos Dereitos
18 Humanos por parte dos axentes de seguridade do Estado. Este racismo
19 institucional remata por estenderse ao pobo. De aí o repunte da xenofobia. De aí a
20 presenza de grupos de extrema dereita no Parlamento Europeo. De aí a
21 incapacidade por construír a sociedade do futuro...necesariamente intercultural ou
22 non será.

23
24 A sociedade non é un todo homoxéneo. Pensalo sería caer no erro do capitalismo.
25 Somos, polas nosas formas de ser e sentir, minorías entrelazadas que teñen un
26 mesmo fin: vivir en sociedade de forma pacífica. Este fin coñece constantes e
27 persistentes convulsións causadas polos depositarios do franquismo ideolóxico
28 (curia eclesiástica, dereita e a patronal disposta a aliarse con todo aquel que
29 idolatre os seus pés de barro). De aí os ataques da dereita a leis que recoñecen a
30 diversidade afectivo-sexual, ou que pretenden recuperar a nosa memoria histórica,
31 ou que deixan en mans da muller decidir sobre a súa maternidade. Pero os
32 ataques son tan feros e a oposición de quen goberna tan feble que a dereita
33 acada os seus obxectivos e consegue manter a presenza da Igrexa no sistema
34 educativo e na vida pública española e galega.

Unha sociedade alienada é unha sociedade prisioneira, non autodeterminada. Por iso, Esquerda Unida defende o dereito de autodeterminación do pobo galego e con ela o control democrático dos medios de produción e a socialización das actividades económicas. Acadados estes logros recuperaremos a dignidade, a liberdade e a nosa cultura coa súa lingua.

2.2.3. ECONOMÍA e EMPREGO

A situación actual e a teima do capitalismo converteu o termo economía en dominador absoluto do discurso político e en argumento único da escena relacional. Cómpre cambiar de modelo e camiñar cara a unha economía social (cooperativismo, medioambiente, promoción da autonomía persoal en situacións de dependencia, etc....) e rachar os grandes oligopolios. A economía debe servir para a tarefa redistributiva. Unha economía onde mulleres e homes coñezan a mesma igualdade de oportunidades.

Nada cambiou desde que ofrecimos á sociedade galega o noso **Programa Marco Estratéxico para a recuperación económica e social de Galicia**. Todo o contrario levar a cabo as súas propostas sería ir introducindo reformas contrarias á filosofía capitalista. Cómpre, xa que logo, facerse fortes para explicalas, defendelas, e aplicalas aí onde nos sexa posible:

UN PLAN PARA O EMPREGO

- ☐ Instauración da Lei das 35 h sen redución salarial, que impulsaría a creación de emprego e a conciliación laboral e familiar.
- ☐ Elevar o salario mínimo interprofesional ata chegar aos 1000 euros.
- ☐ Impulso e desenvolvemento da Lei de Bosques como nicho de creación de emprego sustentable, para preservar a integridade do territorio.
- ☐ Investimento en construción de escolas infantís públicas e subseguinte creación de postos de traballo públicos no seu mantemento e funcionamento.
- ☐ Creación de emprego no sector da construción: rehabilitación vivendas antigas: Mellora do illamento dos edificios e instalación de ascensores, subvencionado pola Xunta ata o 40%.

☐ Investimento do 25% anual dos 300 millóns que se pagan á concertada para a construción de centros públicos e a conseguinte creación de emprego público no seu mantemento e funcionamento.

APOIO AOS SECTORES ESTRATÉXICOS: ENERXÍA, SECTOR NAVAL, TRANSPORTE PÚBLICO

UN PLAN PARA A CREACIÓN DE INDUSTRIA

☐ Fomento da I+D no sector naval promovendo produtos de calidade que terán una forte presenza no futuro: minería mariña; loita contra a contaminación; xeoloxía mariña e análogos.

☐ Condicionar as axudas de I+D concedidas a empresas a plans especiais que inclúan programas a curto e medio prazo de incremento de técnicos e persoal cualificado.

☐ Plan de construción de buques de protección do mundo mariño. O sector público dispoñerá de maior número de remolcadores, buques descontaminantes, buques de apoio e salvamento.

UN PLAN CONTRA A POBREZA

☐ Establecemento dunha Renda social para as persoas que non teñen ningún tipo de ingreso mediante traballo ou prestacións contributivas e non contributivas da Administración Pública, equiparable ao salario mínimo interprofesional.

UN PLAN DE VIVENDA PÚBLICA EN RÉXIME DE ALUGUER SOCIAL E ACCESIBLE

☐ Recuperar as vivendas construídas baleiras (300.000 vivendas baleiras en Galicia) para a creación dun parque público de vivendas en réxime de aluguer social e accesible.

POLA CALIDADE DE VIDA E A PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL

A) EDUCACIÓN 0-3 ANOS

Co cambio de goberno nas recentes eleccións autonómicas, a Xunta de Galicia modificou xa a titularidade das Galescolas, algo que reclamaba EU, pasando a formar parte da Consellaría de Educación.

No entanto, e coñecendo a teima privatizadora do PP, de seguro que a estratexia será non crear escolas infantís, senón facilitar e estender os

1 concertos educativos coa privada. De aí que a nosa proposta siga tendo
2 plena validez e deba ser perseguida para beneficio da sociedade galega.

3 **PROPOSTA POLÍTICA**

4 1. Adopción plena do Plan estatal de Inclusión Social ou da Estratexia
5 Nacional de Infancia e Adolescencia (2006-2009), que prevé a ampliación
6 do número de Escolas Infantís (0-3 anos) en España para chegar á taxa do
7 33% en 2010.

8 2. Todos os Concellos deberán achegar os terreos necesarios para que, polo
9 menos o 33 % da súa poboación 0-3 anos dispoña dese servizo (que pasará
10 a ser un *dereito*). Para iso contemplará como referencia orientativa que un
11 55% das prazas corresponda a nenos de 2-3 anos, un 35% aos de entre 1 e
12 2 anos e un 10% para os menores de 1 ano. Tratarase de acadar a
13 cobertura social para as familias que existe na Europa dos 15.

14 3. Creación na Consellaría de Educación dun departamento con rango de
15 Dirección Xeral: Dirección Xeral de Planificación, Infraestruturas e Persoal
16 para a Educación da Infancia.

17 **PROPOSTA DE ACTUACION**

18 Analizada a situación actual e mantendo os obxectivos do Plan estatal de
19 Inclusión Social ou da Estratexia Nacional de Infancia e Adolescencia
20 (2006-2009), deberán crearse:

21 - 17.762 prazas das que 9.769 se adxudicarán a nenos e nenas de 2 a 3
22 anos, 6.217 para idades comprendidas entre 1 e 2 anos e 1.776 para os de
23 0 a 1 ano:

- 24 - Tendo en conta o custo promedio dos centros por alumno en Escolas
25 infantís 0-3 (11.071 euros/praza), precisaranse **197 millóns de euros**.
26 Achegando a Xunta o 57 % e o Estado o 43%. Restante: XUNTA: 112
27 millóns de Euros.

28
29 Con este plan contribuírase a paliar a grave situación das empresas do sector
30 da construción e de equipamentos, xerándose, tras a posta en marcha
31 emprego de calidade:

	Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Educadores	1298	312	294	1204	3108
Mestres	408	98	93	378	977
Servizos	297	71	67	275	710
total	1594	384	362	1479	3819

Con este plan crearíase emprego na construción (sobre a base de centros de 50 prazas de promedio necesitaríanse construír 76 centros en Galicia). Ademais deste persoal, en todos os centros con máis de 75 nenos e nenas existirá unha praza para un Diplomado en Enfermería. O persoal (os educadores e educadoras terán titulación académica: Técnicos Superiores en Educación Infantil ou titulación equivalente de Técnico Especialista en Xardíns de Infancia, Educador Infantil e Mestres de Educación Infantil) deberá acceder á súa praza definitiva como funcionario dos grupos B, C o D, en oposicións que garantan mérito e capacidade e nas que se bareme a experiencia cun peso non superior ao 20%.

INVESTIMENTO: 197 MILLÓNS DE EUROS. A XUNTA ACHEGARÁ O 57 % E O ESTADO O 43% RESTANTE. TOTAL ACHEGA XUNTA: 112 MILLÓNS DE EUROS

EMPREGO XERADO para o funcionamento dos centros: 3.819 PERSOAS A XORNADA COMPLETA 8 HORAS.

B) “LEI DE DEPENDENCIA”

Neste eido nada se fixo no tempo que leva o novo goberno de Feijóo. Aínda teñen plena vixencia as nosas propostas. Nos catro anos que seguen, e tendo en conta que o noso Programa Marco se conformou ao redor dunha lexislatura, a nosa organización política, así como os nosos cargos institucionais, deben realizar unha oposición crítica a todo o que non sexa acadar os obxectivos que nos marcamos. Non acadalos significaría que seguimos no furgón de cola en materia de gasto social en Galicia. Non acadalos significaría que a sociedade galega se vería na obriga de pagar para obter un servizo que debiera ser prestado desde as Administracións Públicas Galegas.

PROPOSTA POLÍTICA

☐ Desaparición do Consorcio.

☐ Integración de todos os Centros de día e Centros mixtos municipais e de nova creación na Consellaría de Asuntos Sociais que entenderá de todo o relacionado co desenvolvemento da lei de dependencia.

☐ Creación na Consellaría de Asuntos Sociais da Dirección Xeral de Planificación, Infraestruturas e Persoal para a implantación da lei de Dependencia.

PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Acadar as metas propostas polo Plan Xerontolóxico para o 2006. Lembremos que Galicia, segundo os datos do IMSERSO, figura en penúltimo lugar do Estado en cobertura de prazas públicas+privadas (só ten por debaixo a Murcia).

A) CENTROS RESIDENCIAIS

Por iso, Esquerda Unida propón a creación de 3.600 prazas públicas na primeira parte da lexislatura (multiplicar por 2 as existentes) e aumentar os concertos en 7387, primándose os concertos nas comarcas nas que o número de persoas maiores de 65 anos non sexa superior ás 10.000 persoas.

Investimento para as 3.600 prazas: 152 millóns de euros nos dous primeiros anos

Na segunda parte da lexislatura realizaríase a construción de centros residenciais cun total de 1.800 prazas (ratio de 1,5 prazas públicas por cada 100 persoas maiores de 65 anos) cun **investimento 76 millóns de euros** reducíndose os concertos ata que a oferta en centros públicos acade o 2 %.

TOTAL: 228 millóns de euros na lexislatura para construción e equipamento de residencias (5.400 prazas aprox 54 Residencias). Xeraríase emprego para 2500 persoas.

B) CENTROS DE DÍA

Debe existir polo menos un centro de día público en cada municipio: A tal efecto o Consello Social Municipal será o competente para elevar proposta e cesión de terreos.

Proposta de Esquerda Unida:

Acadar as 0,5 prazas públicas en centros de día por cada 100 maiores de 65 anos na lexislatura

Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
1190	433	416	939	2980

TOTAL : 59 millóns de euros (aprox 100 centros de día)

Emprego xerado en centros de día: 1100 persoas

RESUMO:

- **INVESTIMENTO EN CONSTRUCIÓNS EQUIPAMENTOS: 287 MILLÓNS DE EUROS NA LEXISLATURA**
- **EMPREGO XERADO EN RESIDENCIAS E CENTROS DE DIA: 3600 PERSOAS**

RECUPERACIÓN DO TERRITORIO

1) ECOLOXÍA E FOMENTO DO COOPERATIVISMO NO MUNDO RURAL

PLAN RURAL.

☐ mellorar os montes de propiedade pública co fin de levar a cabo a súa limpeza. Incremento do persoal de levar a cabo dita tarefa e outras relacionadas coa posta en valor dos recursos, que exploten o bosque como:

* fonte de riqueza

* elemento ecolóxico

* elemento de lecer para a cidadanía

☐ fomento da agroecoloxía e do modelo cooperativista na produción

☐ elaboración dun mapa participado dos espazos a protexer pola súa riqueza ecolóxica

FINANCIACIÓN, FISCALIDADE PROGRESIVA E IMPOSTOS DIRECTOS

☐ Intervención do Estado en cooperación coa Xunta para nacionalizar entidades que estean en situación de perigo para a sociedade.

☐ Creación vía Estado dun imposto especial para as entidades financeiras que amosen un incremento excesivo dos seus beneficios. Estes ingresos adicionais estarán vencellados ao fomento da Formación Profesional, Gasto Social e Promoción de Cooperativas de Producción e Consumo.

☐ Esixirlle a UE a creación dun Fondo Especial para que países coma o noso podan afrontar no inmediato a crise e avanzar cara un cambio de modelo produtivo.

☐ Redución da presión existentes sobre as rendas máis baixas.

☐ Creación de mecanismos de axuda para que as PEMES vexan garantidas a súa

supervivencia e podan amortizar os seus investimentos durante os próximos 4 anos.

☐ Loita contra a economía mergullada: incremento das inspeccións e control. O diñeiro recuperado destinarase a investimentos sociais.

2.2.4. AGRICULTURA. GANDERÍA. ALIMENTACIÓN

Neste eido, ao igual que nos demais polos que regulan a nosa vida, estamos en mans do capital e da súa cobiza. Os procesos de liberalización auspiciados polos axentes neoliberais (OMC en cabeza) e que coñeceron o seu desenvolvemento na Política Agraria Común na Unión Europea (PAC), supuxeron constantes e sucesivos golpes ao sector primario, abocado a sobrevivir con moitas dificultades, e vendo como moitas das explotacións agrogandeiras teñen que pechar. Aspecto este que contribúe tamén ao desartellamento social do mundo rural en Galicia.

Esquerda Unida proclama que o pobo debe intervir máis nas decisións que afectan á agricultura e á gandería en tanto que piores da nosa alimentación. A metáfora do centro comercial é elocuente: representa o triunfo do capitalismo e a perda de decisión dos produtores.

A soberanía alimentaria debe conducir o futuro de Galicia neste sentido, unido a unha reformulación dos acordos comerciais con outros países que deben realizarse dentro dun marco común de comercio xusto, de cooperación e de respecto. Cómpre reducir a cadea de intermediarios entre produtores e

1 consumidores. O prezo dos produtos non debe estar sometido aos caprichos do
2 mercado e da especulación, por iso debemos garantir que os prezos de produción
3 non estean por debaixo dos custos de produción. Igualmente, a distancia que
4 percorren os produtos que se comercializan para a súa venda e distribución debe
5 reducirse. Favorecerase o consumo de produtos de tempada. Aqueles que teñan
6 que vir de fóra farase atendendo ás normas do comercio xusto. O mercado onde
7 se establezan as relacións de intercambio do futuro debe ser, tal como reclaman
8 os movementos sociais relacionados coa soberanía alimentaria, transparente en
9 todos os seus aspectos estruturais.

11 Esquerda Unida declara que Galicia será territorio libre de produtos transxénicos e
12 potenciará os mercados locais e comarcais. Apoio á agricultura ecolóxica. Toda
13 práctica agrogandeira respectará escrupulosamente as normas medioambientais.
14 O medio rural é esencial para Esquerda Unida. A súa existencia será nos vindeiros
15 anos o pulmón necesario para recuperarnos da catarse que producirá o colapso
16 do sistema capitalista.

18 **2.3. TRANSFORMAR DESDE OS MUNICIPIOS:**

20 A situación económica dos concellos galegos e en xeral de todo o Estado, antes da
21 crise económica, xa era unha situación crítica. A actual conxuntura económica
22 produciu unha redución importante de ingresos procedentes da construción. Esta
23 lóxica merma de ingresos, unida á xa tristemente recoñecida insuficiencia
24 financeira municipal, producirá que moitos concellos teñan problemas para cadrar
25 as súas contas dun xeito realista. Moitos iniciaron xa unha subida dos seus
26 impostos (taxas e prezos públicos), coa peculiaridade de que estes impostos
27 adoitan fuxir de calquera tipo de progresividade, acabando funcionando na
28 práctica como impostos indirectos, é dicir que malia a renda todos pagámoslos
29 igual, sen discriminación positiva cara a grupos máis desfavorecidos.

31 En moitos municipios gobernados por PP, PSdG e BNG, logo dunha primeira fase
32 privatizadora de servizos públicos básicos (Ciclo Integral Do Auga, RSU, etc.),
33 conxelando taxas e prezos públicos que xustificaban a privatización, pasouse a
34 unha nova fase de actualización das taxas, demandadas fundamentalmente polas
35 empresas adxudicatarias destes servizos. Na actual crise do Capitalismo, os

1 concellos deberán enfrontarse ás caras e nomes propios dos traballadores e
2 traballadoras afectadas por ela. Así o aumento do desemprego en sectores como
3 a construción, producirá situacións de pobreza, o que sumado ao pago da
4 hipoteca dunha vivenda que custa un prezo desorbitado, levará a moitas familias
5 vivir verdadeiros dramas. As axudas do Fondo Estatal do Goberno
6 adscritas en concellos, terán un débil efecto sobre o emprego e a mellora dos
7 servizos públicos nos nosos pobos e cidades, por unha banda pola insuficiencia
8 dos 8.000 millóns de euros previstos e por outra pola falta de garantía na
9 continuidade para o financiamento dos Concellos, razón pola que é previsible que
10 se dediquen, fundamentalmente, á realización de obras puntuais que
11 frecuentemente non responderán ás verdadeiras necesidades da cidadanía.

12
13 Habería que destacar no ámbito municipal dúas cuestións: unha desde o punto de
14 vista organizativo de Esquerda Unida e outro desde o punto de vista institucional
15 (pensando na nosa realidade galega referímonos aos grupos municipais de EU).

16
17 É necesario que as nosas actuacións se encadren dentro dun Plan Estratéxico de
18 Acción onde se estableza un método de traballo e elaboración participativa do
19 programa municipal e uns criterios para traballar nos diferentes territorios. Este
20 plan debería estar elaborado e aprobado polo novo Consello Político Nacional
21 antes de que remate o ano 2009.

22
23 No plano ORGANIZATIVO, unha EU transformada debe modificar a súa liña de
24 actuación dotándose de organizacións locais e comarcais onde se combine un
25 funcionamento democrático e operativo coa vinculación cos movementos sociais,
26 enmarcados nunha boa coordinación entre os grupos institucionais e as
27 respectivas direccións.

28
29 Hai municipios onde non hai presenza institucional e outros nos que si. É por isto
30 que as tarefas a curto prazo son a de garantir a presenza e crear as condicións
31 territoriais para aumentar o número de concellos que contan con concelleiros e
32 concelleiras de Esquerda Unida. Os Colectivos locais e comarcais deben ser un
33 punto de referencia, tanto para a reflexión como para a acción. E neste punto
34 debe traballar cunha soa voz toda a organización.

1
2 INSTITUCIONALMENTE, a nosa forza reside nos municipios, cousa que non
3 debemos esquecer, pero tampouco esquecemos a necesidade de contar cun
4 Grupo Parlamentario na Xunta de Galicia, que sería o noso mellor altofalante, que
5 pola súa banda alimentaría a tarefa municipal. A preparación dos próximos
6 comicios municipais e autonómicos é unha tarefa fundamental, sobretudo porque
7 os traballadores e as traballadoras requiren máis que nunca da nosa presenza nas
8 institucións.

9 No proceso que debería derivarse do Plan Estratéxico de Acción e na convención
10 programática que se puider realizar, deberíamos ter en conta algunhas chaves:

11
12 • Participación:

13 A participación cidadá é un proceso que debemos interiorizar no noso xeito de
14 traballar, e na xestión da cousa pública. Non é algo que finalice na toma dunha
15 decisión, é un proceso e como tal empeza, pero non acaba. Os Orzamentos
16 Participativos demostraron a súa eficacia como instrumentos para implicar á
17 cidadanía na xestión municipal, xunto a outras medidas para
18 impulsar a participación cidadá. Nos municipios son importantes os Consellos
19 Sectoriais, así como os foros, asembleas, consultas populares e por suposto o
20 apoio e asesoramento a colectivos e asociacións locais onde se artella a gran
21 parte da participación social da comunidade. Xunto ao desenvolvemento de
22 novos métodos de dinamización da participación cidadá hai que dispoñer de
23 suficientes recursos humanos, materiais e financeiros para o apoio ao tecido
24 social veciñal. Así mesmo, debemos realizar o noso propio proceso
25 participativo para coñecer as necesidades máis sentidas pola cidadanía de
26 barrios, distritos, asociacións e colectivos específicos, así como de profesionais
27 de diferentes sectores: saúde, educación, benestar social, seguridade etc. Logo
28 de detectar as necesidades temos a obriga de elaborar unhas propostas
29 programáticas baseadas nestas problemáticas.

30 • Servizos Públicos / Xestión Pública:

31 En plena crise do capitalismo, os servizos públicos municipais son máis
32 importantes que nunca. Representan a ferramenta a través da que se xera
33 igualdade e xustiza social e se redistribúe riqueza real. As accións dos servizos
34 de Benestar Social (Servizos Sociais, educación, mocidade, ocupación,

1 igualdade, participación, deportes etc.) serán vitais para garantir a dignidade
2 das persoas da nosa comunidade.

3
4 A Fiscalidade municipal debe ser outro punto en que esteamos vixiantes. As
5 taxas e prezos públicos deben ser un elemento corrector das desigualdades de
6 renda, apoiando subas que contemplan a progresividade atendendo a criterios
7 de renda.

8
9 Os Servizos municipais susceptibles de seren privatizados (Ciclo Integral Do
10 Auga, Recollida de RSU, Limpeza, Grúa etc.) débense manterse na esfera
11 pública, e debemos apostar pola súa xestión directa por empresas públicas.
12 Este é o único xeito de manter os niveis de calidade, investimento e
13 racionalidade nos gastos públicos municipais.

14
15 • Medio Ambiente e Territorio:

16 Ademais de traballadores e traballadoras, esta crise pode ter outra vítima: o
17 medio ambiente. Hai que evitar que os avances conseguidos en cidades e
18 municipios en materia medioambiental queden relegados pola necesidade de
19 manter postos de traballo. Polo tanto hai que evitar rebaixar esixencias, ou
20 relaxar os controis en sectores industriais ou urbanísticos: especial atención ha
21 de merecernos todo o que se relaciona coa construción. O que fai uns meses
22 eran propostas de complexos residenciais e hostaleiros, que "levarían
23 prosperidade e riqueza" aos nosos pobos e cidades, agora son proxectos de
24 VPO que queren achegar de xeito "case altruísta" vivenda á mocidade a
25 cambio de pequenas "recalificacións", xerando emprego ao mesmo tempo.
26 Canto de sereas diante os cales debemos estar alerta. Na xestión do territorio
27 continúa sendo básico o concepto de planificación urbanística racional, que
28 inclúe límites e ritmo de crecemento. EU debe continuar reclamando un
29 adecuado financiamento local e sobretudo impulsar unha lei de
30 comarcalización que non sexa papel mollado, senón un verdadeiro motor de
31 proximidade e xestión de recursos que iguale a todas as persoas de Galicia.

32
33 No noso proxecto político, isto insírese na perspectiva da construción do
34 Socialismo do século XXI como un proceso de transformación desde a realidade

1 actual, a través de comunidades de veciños e veciñas, municipais, autónomas,
2 federal, europea e internacional.

3
4
5
6
7 *****

8 9 **BLOQUE 3**

10 **3. POLA CONSOLIDACIÓN DUNHA ESQUERDA ALTERNATIVA E** 11 **TRANSFORMADORA**

12 As transformacións necesarias para a supervivencia dun grupo, da sociedade no
13 seu conxunto, e aínda da especie, percíbense de entrada de xeito confuso. Cada
14 vez que nace un movemento, con propósitos ao principio moi concretos,
15 produciuse antes en moitos a percepción simultánea de que hai un problema
16 común, que debe ser abordado de forma colectiva.

17 Se o problema non se resolve de inmediato, ao movemento espontáneo séguelle a
18 formación de grupos organizados que ofrecen solucións, máis ou menos racionais,
19 máis ou menos viables. Só se eses grupos que procuran solucións as traducen en
20 prácticas operativas poderá un movemento callar nalgunha organización estable.
21 Na súa orixe hai sempre unha resposta adecuada a necesidades sentidas, por
22 máis que logo a evolución dos acontecementos poida levar a traxectorias
23 contraproducentes. A simple inercia, ou a forza de intereses creados, fan perdurar
24 estruturas inútiles, e outras moitas que chegan a ser perxudiciais.

25 Sempre hai unha relación e encadeamento entre os problemas sentidos por
26 diversos grupos, e resolver uns pode agravar outros. Historicamente, as
27 sociedades resolveron os seus problemas inmediatos nunha sucesión de fuxidas
28 cara a adiante, creando á súa vez outros. Ao carecer dunha visión totalizadora e a
29 longo prazo, que ninguén ten de entrada, os individuos ou colectivos que os sofren
30 buscan resolver os conflitos que se lles aparecen en primeiro plano, sen suscitarse
31 que a súa solución poida agravar os problemas inmediatos doutros, e en definitiva
32 os seus propios nun momento posterior. Así, as estruturas socioeconómicas
33 existentes resultan de sucesivas solucións particulares e provisionais que
34 interesan aos grupos que en cada tempo dominan a situación.

1 Entender esta dialéctica leva a ver cada conflito como inmerso no seo doutros
2 máis amplos, aínda que sempre menos visibles para os actores de cada un. É un
3 proceso complexo, continuo e concatenado, caótico por principio, e por iso as súas
4 consecuencias a medio prazo son difíciles de prever e evitar. Hai que entender
5 este proceso para poder encauzalo e actuar sobre el, máis alá da solución das
6 necesidades inmediatas.

7 Esta forma de entender o devir da historia leva implícitas dúas consecuencias:

9 · A primeira: o punto de partida é coñecer as contradicións inmediatas para actuar
10 no seu seo. Sen iso será imposible a nosa actuación práctica para transformar a
11 práctica espontánea dos actores en práctica consciente dirixida a un fin menos
12 inmediato.

13 · A segunda: en calquera enfrontamento non hai unha solución única, e a saída
14 (desde logo sempre provisional) depende dunha correlación das forzas
15 enfrontadas.

16 Conclúese que, nunha sociedade conflitiva e complexa, ningún grupo, e desde logo
17 ningún grupo emerxente, terá el só a forza suficiente para impoñer a súa solución,
18 sobre todo se se trata de subverter unha situación que ata o momento se
19 amosara estable, aínda que actualmente mostre síntomas de dexeneración e
20 esgotamento.

21 Polo tanto, é imprescindible establecer unha política de alianzas tal que a saída
22 de cada enfrontamento nos coloque nunha situación máis favorable que a de
23 partida.

24 Ningunha organización, e tampouco a nosa, está en posesión da única
25 interpretación posible e correcta da realidade. Só a práctica poderá resolver se a
26 traxectoria seguida foi a correcta. Pero esta incerteza non nos exime de buscar en
27 cada conxuntura cales poden ser os nosos aliados para superar a debilidade de
28 partida.

29 Pola súa propia historia, é natural que cada colectivo antepoña a case todo a
30 defensa dos intereses que lle deron a súa razón de ser. Isto leva case
31 inexorabilmente a considerar aos demais como medios para os seus fins, no
32 canto de como fins en si mesmos. Calquera sectarismo ten aquí a súa orixe, e así

se xeran os receos que anulan tantas alianzas, por outra banda necesarias. As diversas plataformas que xorden como setas nos conflitos adoitan ser máis ben mecanismos de tira-puxa entre os participantes que formas de ligar vontades máis aló do inmediato. Hai movementos que non van máis aló do problema que lles deu orixe. Hainos directamente creados por grupos, interesados máis no seu propio beneficio que na solución do problema a que se enfrontan. Outros poden pensar o mesmo de nós. Sempre se atoparán motivos para a desconfianza mutua.

Hai alianzas tácticas, en situacións que unha vez pasadas fanas inoperantes, cando non perxudiciais. Non hai que excluír o seu establecemento nalgunha circunstancia, porque poden ser obxectivamente necesarias, pero hai que estar sempre vixiantes para darlles fin en canto cumpran o seu.

As alianzas estratéxicas desexables son aquelas en que a posta en común de fins que se comparten poida a longo prazo levar á confluencia, inclusive orgánica, ao constatar que as diferenzas iniciais fóronse eliminando pola evolución conxunta das ideas en conflito.

Para establecelas, teremos que facer ver aos colectivos, que poñen a súa razón de ser en fins asumibles, que a nosa postura non é simple táctica. Que as súas metas, de non estar xa incorporadas total ou parcialmente nas nosas, son integrables con elas.

Se buscamos colectivos cos que poderíamos confluír, sen excluír ningunha posibilidade a priori, habería que considerar tres grupos:

- a) Forzas políticas
- b) Sindicatos
- c) Movementos sociais

Non hai no horizonte ningunha forza política coa que podamos confluír en Galicia; do campo nacionalista non podemos esperar que antepoñan nada á aspiración que os define; no socialdemócrata, xa claramente social-liberal, non se albisca que busquen unha saída que non consista en máis dose da mesma medicina que causou o noso envelenamento.

1 No primeiro, o grupo principal deriva de modo inocultable cara á súa confluencia
2 cos demais nacionalismos burgueses periféricos. Non pode enganar unha suposta
3 viraxe á esquerda ao perder a súa parcela de poder, porque a manobra é
4 sumamente burda. Das súas disidencias, non é fácil esperar que pasen a primeiro
5 plano intereses sociais distintos do seu nacionalismo.

6 Moito menos vemos no campo que chamamos socialdemócrata, onde nin sequera
7 se ve a posibilidade de disidencias, de ben amestrado que está. En canto aos
8 sindicatos, non se pode excluír que a crise galopante os conduza a posturas máis
9 combativas. Haberá que estar ao tanto, desde o seu interior, das tendencias coas
10 que podemos compartir condutas, máis que declaracións.

11 En canto aos movementos sociais, dado o seu carácter variopinto, e a infiltración
12 nalgúns de forzas políticas que os poden manipular, só a praxe e a discusión de
13 principios poden axudarnos a separar o gran da palla e facernos avanzar con eles
14 na mesma dirección.

15 Non é a amplitude variable dos seus obxectivos, nuns casos moi xerais, noutros
16 máis restrinxidos, o que pode achegarnos a eles (é o que está sucedendo hoxe,
17 coa nosa presenza en espazos coma o Foro Galego de Inmigración e Emigración
18 de Retorno ou o Foro Social Galego,...) ou achegalos a nós (cousa en grao sumo
19 desexable), senón o entendemento de que, na maioría dos casos, as diferenzas
20 non están nas metas, senón nos tempos.

21 Porque no noso horizonte, como no seu na inmensa maioría dos casos, está o
22 logro dunha sociedade xusta, e ao mesmo tempo sustentable, que agora é xa
23 evidente que non pode ser a sociedade capitalista actual.

24 Desde fai moitos anos, puxémonos como meta unha sociedade económica, social
25 e ecoloxicamente sustentable. Soamente a prioridade en cada un destes tres
26 obxectivos, non xa compatibles, senón indisolublemente ligados, pode establecer
27 matices entre os seus obxectivos a máis curto prazo e os nosos. E isto non que
28 sexa materia discutible, senón que debe ser discutida, e estamos seguros de que
29 unha discusión a fondo pode disipar calquera malentendido.

1 Precisamente, a idea-forza de Esquerda Unida é, e foi sempre, a prioridade das
2 áreas de elaboración colectiva sobre calquera outra ferramenta de traballo
3 teórico, e a confluencia nelas, ou desde elas, á que sempre estivemos abertos
4 (outra cousa foi o seu real funcionamento, que en tantas ocasións non chegou a
5 existir) pode xerar unha masa crítica que dea forza á nosa organización, e que ao
6 cabo permita incluír nela, ou noutra de maior alcance, a esas forzas con
7 propósitos semellantes.

8 E de non chegarse a unha confluencia orgánica, sempre é posible unha unidade
9 de acción que active a unha sociedade que se afastou da esquerda, máis que por
10 outra razón, pola falta de perspectivas de constituírse nunha verdadeira palanca
11 para transformar (agora xa para salvar, e non é mesianismo nin profecía agoreira)
12 este mundo que se desliza a fume de carozo pola pendente fatal.

13 Reiteramos. O mellor espazo onde a interlocución entre nós, como organización
14 político-social, e os axentes anteriormente sinalados (forzas políticas, sindicatos,
15 movementos sociais) pode materializarse e conducir a unha entente programática
16 e estratéxica son as áreas de elaboración colectiva. Non só para a interlocución
17 interna-externa, senón tamén e sobre todo para cohesionar a vida interna da
18 organización e coñecer os nosos activos nas diferentes áreas.